

ACTA Nº1 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A para o “Programa de Formación-Emprego Talento Mozo: Xuventude II”**SESIÓN DO 01/09/2026****Asistentes:**

Presidenta: María Mariño Poza

Secretaria: Margarita Sampedro Mariño

Vogal 1: M^a José Fungueiriño TubíoVogal 2: M^a Begoña Olveira Sanisidro

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 10:00 horas do 01/09/2026, reúnense os membros do tribunal designado para a selección dun/ha director/a para o Programa de Formación-Emprego Talento Mozo: Xuventude II.

O anuncio de convocatoria deste proceso selectivo publicouse no BOP da Coruña nº 149 de 07/08/2026, e as correspondentes bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do concello e no taboleiro correspondente do SEPE.

O obxecto desta sesión é a valoración da entrevista persoal das persoas aspirantes definitivamente admitidas a este proceso selectivo segundo resolución de alcaldía de 25/08/2026 así coma a realización da proba de coñecemento da lingua galega.

1.- VALORACIÓN DA ENTREVISTA.

Realizouse unha entrevista a cada persoa candidata na que se valoraron as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

Non se presentou á entrevista a candidata Eliana Busto Morgade, polo que queda excluída do proceso selectivo.

Unha vez realizadas as entrevistas, o tribunal acorda por unanimidade outorgar as seguintes puntuacións segundo se detalla a continuación:

Nº	NOME	PUNTUACIÓN
1	ELIANA BOUZAS COLLAZO	4,38
2	JOSE FERNANDO GUDE CRUJEIRAS	2
3	M ^a FERNANDA CORES CES	6,13

2.- PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

De conformidade co establecido nas bases reguladoras da convocatoria, as aspirantes Eliana Bouzas e M^a Fernanda Cores acreditan estar en posesión do certificado CELGA 4, quedando exentas da realización da proba de coñecemento da lingua galega.

O aspirante José Fernando Gude Crujeiras, ao non acreditar documentalmente o coñecemento da lingua galega no nivel requirido, realizou unha proba de coñecemento da lingua galega, consistente na tradución ao galego dun texto proposto polo Tribunal, extraído dunha nova publicada na Voz de Galicia do día de hoxe.

Unha vez corrixido o exercicio, o Tribunal, por unanimidade, acorda outorgarlle a cualificación de NON APTO.



3.- PRAZO DE ALEGACIÓNS.

O tribunal por unanimidade acorda outorgar un prazo de dous días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acta.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 11:30 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

María Mariño Poza

Margarita Sampedro Mariño

M^a José Fungueiriño Tubío

M^a Begoña Olveira Sanisidro

